

[A Casa Xohana Torres é unha actuación cofinanciada polo Fondo Europeo FEDER no marco do POPE 2014-2020]



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

ACCIÓN FORMATIVA

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL, FAMILIAR E CONTRA A LGTBIFOBIA

•Coñecer para respectar e acompañar•

Dirixida a profesionais do ámbito social, legal, da saúde mental e sanitario



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



*Asociación de familias de menores trans**

TÍTULO DA ACCIÓN:

Diversidade afectivo-sexual, familiar e contra a LGBTIfobia. Coñecer para respectar e acompañar

BREVE DESCRICIÓN:

Formación sobre diversidade afectivo-sexual, realidade trans e dereitos do colectivo LGBTI no Ordenamento Xurídico para profesionais do ámbito social, legal, da saúde mental e sanitario.

DURACIÓN:

4 horas, cun descanso 15-20 minutos

DATA E HORARIO:

Xoves 29 de setembro, de 16:30 ás 20:30

MODALIDADE:

- Presencial
[Casa Xohana Torres]
- Online
[Plataforma Zoom]

IMPARTEN:

Cristina Palacios,
traballadora social, docente, socia fundadora e presidenta de ARELAS.

Miguel Vieito,
avogado, investigador, asesor xurídico-legal de ARELAS e outras entidades sociais.

PRESENTACIÓN

Esta acción formativa enmarcase nun proceso de cambio social que xa se está a producir, provocando transformacións sobre os estereotipos e as ideas erróneas que se teñen sobre as persoas LGBTIQA+ e as que incumpren as normas de xénero. Búscase promover a **participación, a reflexión e a análise a través de charlas e a exposición de casos reais**, facendo accesibles os contidos formativos e conceptuais, para producir cambios actitudinais.

Promoverase a participación e a formación das persoas participantes no coñecemento e acompañamento das distintas orientacións, identidades sexuais, familias e contra a LGBTIfobia, buscando a eliminación das desigualdades entre mulleres e homes e impulsando a equidade e a igualdade de oportunidades.

OBXECTIVOS

PRINCIPAL

Sensibilizar, formar e impulsar a colaboración activa da sociedade no coñecemento e valoración da diversidade afectivo-sexual e familiar para a mellora da convivencia, a prevención da LGBTIfobia e a promoción da igualdade de oportunidades.

SECUNDARIOS

- Recoñecer as diferentes formas de amar, ser, vivir e expresar o xénero e as diferentes formas de entender unha familia.
- Fomentar e favorecer relacións de

igualdade e respecto cara a diversidade afectivo-sexual e familiar.

- Promover e valorar o dereito a ser diferente, como forma de enriquecemento da sociedade.
- Desmantelar mitos, estereotipos e falsas crenzas presentes na diversidade afectivo-sexual.
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva da xuventude na construción da súa identidade.
- Sensibilizar sobre as formas máis extremas de falta de respecto cara os Dereitos Humanos en forma de LGTBfobia.
- Identificar, desnaturalizar e visibilizar as desigualdades xeradas a partir da LGTBfobia para que deixen de producirse no ámbito educativo, familiar e social.
- Contribuir a xerar debate sobre a diversidade afectivo-sexual de forma que se substitúan verbos como “tolerar” e “aceptar”, por outros como “respectar”, “recoñecer” e “acompañar”.
- Apoderar e prestixiar ás persoas LGTBI para facilitar o seu proxecto de vida con liberdade, dignidade en igualdade de oportunidades.

CONTIDOS

Formación sobre diversidade afectivo-sexual, realidade trans e dereitos do colectivo LGTBI no Ordenamento Xurídico para profesionais do ámbito social, legal, da saúde mental e sanitario.

1ª PARTE:

Diversidade afectivo-sexual. Coñecer para acompañar.

- ▶ Conceptos clave para comprender a diversidade afectivo-sexual e familiar
- ▶ Identidades trans, unha aproximación a súa realidade. Modelos de atención e intervención: Patoloxización vs. autodeterminación das identidades trans.
- ▶ Principais formas de exercer e vivir a LGTBfobia.
- ▶ Propostas de intervencións e atencións profesionais, e acompañamento a crianzas-adolescentes e familias LGTBI+.
- ▶ Exemplos de boas prácticas.

2ª PARTE:

O colectivo LGTBI no Ordenamento Xurídico: liberdade, intimidade e autodeterminación.

- ▶ O Dereito Europeo de protección e amparo dxs menores.
- ▶ O Ordenamento Xurídico Interno: O marco normativo xeral dxs menores na Galiza e en España. A autonomía dxs menores. A patria potestade. Achegamento xeral: obrigas, responsabilidades e dereitos.
- ▶ As políticas LGTBI estatais e autonómicas. Perspectiva histórica e marco normativo estatal e autonómico actuais. A xurisprudencia española como protectora de Dereitos Cívís. O cambio de nome e sexo rexistrados: achegamento aos diferentes escenarios.
- ▶ Perspectiva xeral dos delitos de odio. Delito de odio vs. Liberdade de expresión
- ▶ Análise e discusión de casos reais.



[A Casa Xohana Torres é unha actuación
cofinanciada polo Fondo Europeo FEDER
no marco do POPE 2014-2020]